



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Practicum I	Código	652G02033	
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	9
Idioma	Galego			
Prerrequisitos	Para matricularse no Practicum I é necesario ter superado 90 créditos.			
Departamento	Didácticas EspecíficasFilosofía e Métodos de Investigación en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Profesorado	Carballal Miñan, Patricia Cotelo Guerra, Dolores Cuevas Gonzalez, Lino Manuel Fernandez Prieto, Marta Gonzalez Sanmamed, Mercedes Iglesias Salvado, Jose Luis Mendez Garcia, Rosa Maria Ramos Rodriguez, Xosé Rodicio Garcia, Maria Luisa	Correo electrónico	patricia.carballal@udc.es dolores.cotelo@udc.es lino.cuevas@udc.es marta.prieto1@udc.es mercedes.gonzalez.sanmamed@udc.es jose.luis.iglesias@udc.es rosa.mendez@udc.es jose.ramos@udc.es m.rodicio@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			
Descrición xeral	<p><b>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</b></p> <p>Dos 9 créditos da materia (225 horas), o 55% son de carácter presencial (135 horas) e o 45% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (90 horas).</p> <p>Das 135 horas de carácter presencial, 125 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (25 horas semanais), e as 10 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e titorías na Facultade.</p> <p>Durante o desenvolvemento do Prácticum I suspenderase a docencia no resto das materias correspondentes ao segundo cuatrimestre do terceiro curso da titulación.</p> <p><b>CONTEXTUALIZACIÓN</b></p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>?Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían ?reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Prácticum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>			



Código	Competencias da titulación
A9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.
A64	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
A66	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se podan establecer nun centro.
A68	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lóxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B17	Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer a organización dos centros en que se imparten educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento.	A68		
Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social	A68		
Observar a actividade docente e aprender a saber facer, reflexionando desde e sobre a práctica, e asumir a necesidade de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais	A9 A65	B17	C4
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo	A64	B1 B3 B15	C7
Reflexionar sobre as propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro	A66		C4
Comportarse con ética e responsabilidade social, como profesional dun centro educativo		B6 B17	
Saber elaborar discursos coherentes e organizados, así como expoñer ideas de forma oral e por escrito		B8 B9	

Contidos	
Temas	Subtemas
A organización das institucións educativas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os órganos de goberno do centro e os órganos de coordinación das actividades que nel se desenvolven</li> <li>- O réxime de funcionamento do centro: proxectos, programas, plans, horarios etc.</li> <li>- A cultura do centro escolar</li> </ul>
O coñecemento do currículo e a súa concreción como paso previo á intervención na educación primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os niveis de concreción: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula</li> <li>- As unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe etc., como elementos chave do proceso formativo de aprendizaxe etc.</li> </ul>



A xestión da aula na educación primaria como marco de referencia para un desenvolvemento integral dos nenos de 6-12 anos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Principios e procedementos didácticos propios da etapa</li> <li>- Culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas</li> <li>- Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación primaria</li> <li>- A titoría (individual/grupal) como elemento dinamizador e de conexión entre os centros e as familias</li> <li>- A avaliación de aprendizaxes como avaliación educativa e auténtica</li> </ul>
A reflexión sobre a práctica observada como ferramenta para a innovación e a mellora	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O interese pola avaliación do currículo deseñado e desenvolvido</li> <li>- Técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos</li> <li>- A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas</li> </ul>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	125	0	125
Seminario	10	0	10
Portafolios do alumno	0	80	80
Análise de fontes documentais	0	10	10
Atención personalizada	0	0	0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	CONSTITÚEN AS PRÁCTICAS PEDAGÓXICAS: 125 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución etc.
Seminario	<p>1. Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Prácticum.</p> <p>2. Selección de centro (2 horas).</p> <p>3. Tres seminarios de titoría durante o Prácticum co profesorado titor (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Prácticum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</li> <li>- Durante a realización do Prácticum terá lugar a posta en común do realizado ata o momento polo alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional.</li> <li>- De avaliación, para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.</li> </ul>
Portafolios do alumno	Ver documento en Anexos.
Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Prácticum I dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Saídas de campo	O titor/a do centro supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro. - O/a Titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.
Seminario	
Portafolios do alumno	-O/a Titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo.  Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
		0
Saídas de campo	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	45
		0
Seminario	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: - Asistencia a todas as sesións presenciais - Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.	10
Portafolios do alumno	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios: - Capacidade de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade para relacionar ideas e accións - Capacidade de argumentar e fundamentar - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións - Capacidade de autoavaliación e autocrítica - Orixinalidade da proposta	45
Outros		

### Observacións avaliación



a) Requisitos para superar a materia:

- Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: practicas pedagóxicas e portafolios.

b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

- As practicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.

- Os seminarios e as xornadas (caso do practicum II) non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.

- O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o cartafol na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

c) Cualificacións:

- A cualificación final será a media das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo.

- No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.

- Non realizar as practicas pedagóxicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

- Non presentar o portafolios tendo as prácticas pedagóxicas superadas supón obter como máximo a cualificación de 4 na materia, que se corresponde con un 10 nas prácticas pedagóxicas.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías